



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Anuncio de aprobación inicial e exposición pública do Proxecto de Normalización de fincas que afecta a tres parcelas sitas en A Póboa, Cacheiras (expte. 2022/U018/000028)

Mediante Decreto da Alcaldía do 27 de maio de 2024 aprobouse inicialmente o proxecto de normalización de fincas promovido por Andén Vigo S.L, redactado por María Marta Vilas Rodríguez e Gabriel Santos Zas, visado polo COAG o 30 de xaneiro de 2024 (CVE AD6F7AC3FBE6), que afecta ás parcelas de solo urbano consolidado 001702900NH34D0001WE, 15083A515002770000KW e 150083A060000330000LK (rex. entrada nº 202499900000300).

En cumprimento do establecido no artigo 110.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 282.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei, sométese o expediente a información pública, polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no taboleiro de edictos da Corporación, na web municipal e no Portal de transparencia do Concello de Teo.

Durante o citado prazo, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, o expediente poderá ser examinado por calquera persoa interesada no departamento de urbanismo do Concello de Teo, en horario de oficina, estando así mesmo a disposición dos interesados na web municipal (www.teo.gal).

Teo, asinado na data e pola persoa que figura a marxe.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz